

Expediente N.º 994/2019

Asunto: contratación por procedemento aberto simplificado para Contrato de subministración: “Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano” Plan único 2019.

DATA: 10 de decembro de 2019 (martes) , ás 9:45 horas.

LUGAR: Salón de sesións desta Casa Consistorial.

ASISTENTES:

Presidente: Francisco Cajoto Caserío, alcalde-presidente do Concello de Foz.

Vogais: Antía Pena Dorado, secretaria da Corporación.

Yolanda González Rodríguez, interventora da Corporación.

Ramón Rodríguez Paleo, capataz municipal.

Secretaria: Ana María Pérez Moreda, auxiliar de secretaría do Concello de Foz.

OBXECTO: Apertura sobre único: Declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes.

Reunidos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, o día 10 de decembro de 2019, ás 9:30 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a apertura do sobre único “Declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes” presentados polas empresas participantes no proceso para o contrato de subministración “Adquisición de mesas, bancos e vallas. Mobiliario Urbano. Plan único 2019”.

Tras a constitución da Mesa, a secretaria procede á lectura do informe de rexistro de entrada das solicitudes de participación presentadas, que indica o seguinte:

*“Que en relación a obra para a “**AQUISICIÓN DE MESAS, BANCOS E VALLAS. MOBILIARIO URANO. PLAN ÚNICO**”, presentáronse as seguintes empresas:*

- **TALLERES TORNEIRO, S.A.**
- **OSEGA XXV, S.L.**
- **TOTCARRER, S.L.”**

Tras o recuento das proposicións presentadas, procédese á apertura dos sobres presentados polas empresas participantes, á lectura das proposicións e a comprobación da documentación solicitada

- Modelo de declaración responsable conforme Anexo II do Prego (xunto co DNI do representante e CIF da empresa)
- Certificación do órgano encargado do Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas.

A continuación procédese á valoración das ofertas presentadas para o LOTE 1 de acordo co apartado 19 do Anexo I do Prego de condicións administrativas particulares:

“Pluralidad de criterios de adjudicación valorables en cifras o porcentajes:



1.Oferta económica (de 0 a 70 puntos). La asignación de puntuación, hasta un máximo de 40 puntos, se realizará por aplicación de la siguiente fórmula:

$$P = 70 \times (\text{Of. Mínima}) / (\text{Of. Valorada})$$

Siendo:

P: puntuación correspondiente a la proposición valorada

Of. Mínima: importe del contrato ofrecido por la proposición más ventajosa económicamente

Of. Valorada: importe del contrato ofrecido por la proposición valorada

2. Plazo de garantía del suministro (de 1 a 30 puntos). Se valorará el incremento del plazo de garantía de los suministros del lote 1 y 2 respecto del plazo mínimo establecido en este pliego, que es de 2 años. La valoración se realizará adjudicando 1 punto las ofertas realizadas por el plazo mínimo de 2 años, y la mayor puntuación al que ofrezca 5 años. A partir de esta última se irán puntuando las demás mediante o criterio de descuento proporcional lineal (regla de tres).”

As ofertas presentadas polas empresas de criterios valorables en cifras ou porcentaxes para o LOTE 1 son as seguintes:

Empresa	CIF	Oferta ec unidad(Sen IVE)	Prazo garantía
O SEGA XXV SL	B27491364	Mesas: 111,24 € Bancos: 48,50 € Contenedores: 681,44 €	Non amplía

A oferta presentada non se adapta ao Prego de cláusulas administrativas particulares por ser o importe superior ao sinalado no apartado 5 do Anexo I, polo que se desestima esta oferta.

As ofertas presentadas polas empresas de criterios valorables en cifras ou porcentaxes para o LOTE 2 son as seguintes:

Empresa	CIF	Oferta ec unitario(Sen IVE)	Prazo garantía
Talleres Torneiro SA	A27105964	41,10 €	Non amplía
O Sega XXV SL	B27491364	22,94 €	Non amplía
Totcarrer SL	B64956030	35,20 €	60 meses

Unha vez abertas todas as ofertas e comprobado que O Sega XXV SL incurre en baixa temeraria según a apartado 20 do anexo I do PCAP:

“Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se encontren



nos seguintes supostos:

(...) 3. Cando concurran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.”

A mesa de contratación acorda dar audiencia a este licitador para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma conforme ao establecido no artigo 149.2, e solicitarase asesoramento técnico dos servizos correspondentes.

O prazo para a presentación da xustificación da anormalidade da oferta é de 3 días hábiles (apartado 20 do anexo I)

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados, estimara que a oferta non pode ser cumprida, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición máis vantaxosa.

O Presidente da por rematada a reunión ás 10:30 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto Acta que someto á firma do Presidente e Vogais; dou fe.

En Foz, a data da sinatura

FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

ANTÍA PENA DORADO

YOLANDA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

RAMÓN RODRÍGUEZ PALEO

ANA MARÍA PÉREZ MOREDA

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE)

